



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Convocatoria e bases de selección persoal laboral temporal (Programa Suma Talento: Rural Activo 2026)

Convocatoria de selección de persoal laboral temporal para a contratación de persoal relativo ao Programa da Xunta de Galicia, Suma Talento: Rural Activo 2026

ANUNCIO

Bases para a contratación de dous xardineiros/as forestais e un peón de obras públicas (oficiais de terceira) no concello de Vedra para o fomento do emprego no medio rural (Suma Talento: Rural Activo 2026) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Por resolución núm. 473/2026 de data 12 de maio de 2026, o alcalde accidental do concello de Vedra, resolveu aprobar as bases e proceder á convocatoria do proceso selectivo para a provisión de dous postos de oficial de terceira de xardineiro/a forestal e un peón de obras públicas, mediante a modalidade contractual de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, a tempo completo e cunha duración de nove e doce meses respectivamente, a través do programa “VEDRA 2026 SUMA TALENTO FORESTAL E OBRAS” da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

As bases están a disposición dos/as interesados/as no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vedra (<https://sede.vedra.es/>) e na web municipal (<https://www.concellodevedra.es>).

As persoas aspirantes serán preseleccionadas pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá lista provisional, previa oferta presentada polo Concello de Vedra.

Vedra, a 7 de maio de 2026

O Alcalde accidental (R.A. 433/26, do 05 de maio)

Asdo. Enrique Vázquez Martínez

2026/3069